



Destinatarios:

Alumnado de centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, matriculado no réxime xeral de:

- 1º, 2º, 3º e 4º ESO.
- 1º e 2º Bacharelato.

Requisitos:

- Estar cursando, no réxime xeral, 1º, 2º, 3º ou 4º de educación secundaria obrigatoria ou 1º ou 2º de bacharelato, en centros sostidos con fondos públicos durante o curso 2019-2020, na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Non ter concedida outra axuda para o mesmo fin neste curso nin estar incurso/a nalgunha prohibición para a subvención.
- Nota mínima na área ou materia do idioma que se vai perfeccionar de Ben ou 6, curso 2018-2019.
- Ter superadas todas as áreas ou materias no curso 2018/2019.
- Ter DNI (excepto menores de 14 anos), ou NIE en vigor, segundo corresponda. No seu caso, dispoñer de pasaporte e documentación que permita viaxar ao estranxeiro

Prazo aberto do 27 de febreiro ata o 26 de marzo (ambos incluídos)

	MODALIDADE	DURACIÓN	RÉXIME ALOXAMENTO	Nº PRAZAS	CUSTO POR PRAZA (€)	Achega das familias (€)			
						GRUPO A	GRUPO B	GRUPO C	GRUPO D
2º BACH.	Inglés en Canadá	3 semanas	Familia	80	2.950	375	670	1.180	1.475
	Inglés no Reino Unido	3 semanas	Familia	90	2.244,55	285	510	898	1.122
	Francés en Francia	3 semanas	Familia ou Residencia	15	2.244,55	285	510	898	1.122
	Portugués en Portugal	3 semanas	Familia ou residencia	5	2.000,13	254	454	800	1.000
1º BACH.	Inglés no Reino Unido	3 semanas	Familia	150	2.244,55	285	510	898	1.122
	Inglés en Canadá	3 semanas	Familia	135	2.950	375	670	1.180	1.475
	Inglés en Canadá-Integración	4 semanas	Familia	30	3.367	428	764	1.347	1.684
	Inglés en Galicia	1 semana	Residencia	50	755,04	96	171	302	378
	Francés en Francia	3 semanas	Familia ou Residencia	15	2.244,55	285	510	898	1.122
	Portugués en Portugal	3 semanas	Familia ou residencia	5	2.000,13	254	454	800	1.000
4º ESO	Inglés en Galicia	1 semana	Residencia	50	755,04	96	171	302	378
4º ESO	Inglés en Galicia	2 semanas	Residencia	90	554,18	70	126	222	277
3º ESO	Inglés en Galicia	2 semanas	Residencia	180	554,18	70	126	222	277
2º ESO	Inglés en Galicia	2 semanas	Residencia	325	554,18	70	126	222	277
1º ESO	Inglés en Galicia	2 semanas	Residencia	380	554,18	70	126	222	277

**1º DOCUMENTACIÓN QUE TERÁ QUE PRESENTAR**

- Anexo I. Ten que estar asinado polo pai/nai ou titor/titora ou polo/a alumno/a, no caso de ter a maioría de idade.
- Anexo II.
O formulario electrónico, os datos do cal empréganse para cubrir este anexo, dispón dun botón denominado “Engadir nova fila de parente” para o caso de ter que engadir máis de dous parentes.

Deberá estar asinado por:

- Os proxenitores non separados legalmente nin divorciados ou, no se caso, o/a titor/a ou titores/as do alumnado.
- Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida.
- Os/as irmáns/ás do/a solicitante maiores de 18 anos e menores de 25 anos.

No caso dos/as irmáns/ás do/a solicitante maiores de 16 anos e menores de 18 anos, cubrirase o Anexo II, indicando o seu parentesco, o seu nome e apelidos e o seu NIF, facendo constar na mesma fila (nas columnas correspondentes) o nome e apelidos, o NIF e a sinatura do titor/a ou representante legal.

d) A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/da alumno/a, excepto nos casos de custodia compartida.

◦ **Notas Anexo II:**

- No caso de familias nas que conviva co alumnado un só proxenitor/titor, a solicitude acompañarase da xustificación documental das circunstancias alegadas no anexo I (alegacións circunstancias familiares).
Na medida en que a través deste sistema a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional poida dispoñer das informacións referidas neste Anexo, non se lles esixirá aos interesados a achega individual de certificacións expedidas polas Administracións correspondentes.
- No caso de non asinarse algunha autorización, deberá presentarse a documentación correspondente (copia do documento de identidade, certificación de ingresos do ano 2018, certificación de estar ao día de pagamento coa Axencia Estatal de Administración Tributaria para subvencións e axudas, certificación de non ter débedas coa Seguridade Social, certificación de non ter débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia, certificación de discapacidade ou certificación de pensionista de grande invalidez, segundo o caso).
- Certificación académica do curso 2018-2019, con cualificacións, tal como indica o punto 1. do Artigo 6 da Orde de convocatoria.
- Cópia da documentación acreditativa do número de membros da unidade familiar (copia do/s libro/s de familia; no seu caso, copia da xustificación da titoría legal, etc.).
- Fotocopias dos documentos de identidade das persoas que non outorguen autorización para a verificación de identidade (no Anexo I e/ou no Anexo II).

Alegacións incluídas no Anexo I, referidas ao Anexo V (puntos 3º e 4º):

- Certificado de discapacidade da persoa solicitante, da nai, do pai, ou do titor ou titora, ou da persoa de análoga relación segundo o establecido no artigo 6.1.c), ou de irmáns/ás menores de 25 anos ou de persoas tuteladas, ou certificación de pensionista de grande invalidez, que deberán acreditarse só no caso de non autorizar a súa consulta (Anexo II) ou de ser expedidos por outra Comunidade Autónoma.
- Certificado de familia numerosa, só no caso de non autorizar a súa consulta ou cando sexa emitido por outra Comunidade Autónoma.

Na medida en que a través do sistema de autorizacións a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional poida dispoñer destas informacións, non se lles esixirá aos interesados a achega individual de certificacións expedidas polas Administracións correspondentes.

2º PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Entre na páxina web <http://www.edu.xunta.es/axudasle>

1.- O formulario de solicitude atoparase a partir do menú “2. Solicitar axuda”.

2.- A solicitude deberá ser asinada pola persoa representante (pai, nai, titor/a...) do/a alumno/a, excepto no caso de que o/a alumno/a sexa maior de idade.

Ao final de este formulario terán dúas opcións:

- **“Imprimir para entrega por Rexistro Oficial”:** abríranse DOUS documentos independentes en formato de Adobe Acrobat (*.pdf), correspondente aos anexos I e II, que a/s persoa/s interesada/s deberá/n imprimir e asinar antes da súa remisión co resto da documentación.

Débase ter en conta que a solicitude non se considera recibida co trámite de gravación na aplicación, senón unha vez efectuado o trámite de presentación, en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Presente a solicitude, anexos e o resto da documentación –ver o **punto 1º**– nun rexistro oficial ou envíeas a través de Correos (**sobre aberto para que o/a funcionario/a de Correos sele a solicitude**).

Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Servizo de Ordenación, Convivencia e Participación Educativa
Edif. Administrativo de San Caetano s/n. 15781 - Santiago de

Compostela (A Coruña)

- **Presentación telemática en Sede Electrónica** a partir da aplicación¹

A solicitude será gravada na aplicación **pero só se considerará presentada a través da súa sinatura na Sede Electrónica (sede.xunta.gal) mediante certificado dixital ou Chave365.**

Lembre anexar a esta solicitude os arquivos correspondentes ao Anexo II (cuberto e asinado) e os correspondentes ao resto da documentación que deba engadir.



<p>3º PUBLICACIÓN DE ADMITIDOS, REQUIRIMENTOS DE EMENDA E EXCLUÍDOS</p> <p>Comprobe periódicamente, na páxina web do programa, o estado da súa solicitude na sección “3. Estado solicitude”</p> <p>Una vez finalizada a comprobación das solicitudes recibidas, publicaranse as primeiras listaxes. Haberá un prazo de 10 días naturais, despois desta publicación, para emendar erros e presentar a documentación requirida, que poderá consultarse, mediante identificación do NIF/NIE, na web a convocatoria. De non presentar a dita documentación, poderá supoñer a exclusión do proceso de selección ou non ter en conta as condicións alegadas e non xustificadas</p>	<p>5º PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DEFINITIVAS</p> <p>No caso de estar na listaxe de seleccionados terá que enviar, nun prazo de 5 días naturais, a seguinte documentación: Aceptación ou renuncia á axuda, segundo o anexo III. Xustificante bancario do pago da achega familiar á empresa adxudicataria. Esta documentación remitirase ao enderezo: Servizo de Ordenación, Convivencia e Participación Educativa Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa Edif. Administrativo de San Caetano, s/n 15781 Santiago de Compostela (A Coruña)</p> <p>O non realizar o pagamento da achega familiar no prazo indicado, implica que renuncia á axuda.</p>
<p>4º PUBLICACIÓN DAS LISTAXES PROVISIONAIS</p> <p>Comprobe na web http://www.edu.xunta.es/axudasle que estea nas listaxes. Estarán ordenadas por puntuación para cada un dos cursos.</p> <p>Así mesmo, publicarase a listaxe de solicitudes con requirimentos relacionados coas comprobacións de datos referidas no artigo 8.1 -apartados c), d), e), f)-.</p> <p>Abrirase un prazo de 10 días naturais para formular reclamacións e para a presentación da documentación sinalada nos requirimentos relacionados coa comprobación de datos.</p>	<p>NOTA ACLARATORIA Á ACEPTACIÓN DA AXUDA</p> <p>Unha vez aceptada a axuda (pago da achega familiar), a renuncia posterior implicará pagar o importe total do custo da actividade, como se establece no artigo 18 de Orde de convocatoria.</p> <p>No caso de abandono do programa sen rematalo, deberá facerse cargo do pagamento dos gastos correspondentes ao regreso. No caso de abandono inxustificable, así mesmo, deberá facerse cargo do custo total da praza. No caso de expulsión do programa, deberá facerse cargo do pagamento do importe de regreso e do custo total da praza e, de ser o caso, dos gastos ocasionados pola expulsión.</p>

CONSULTAS

Web da convocatoria: <http://www.edu.xunta.es/axudasle>

Enderezo electrónico: axudasle@edu.xunta.es

Atención telefónica: 881997426 - 881997424 - 881997497 - 981546544 - 981957538 - 881996112